

**Acta núm. 16/2019.**

**Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 10 de xullo de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.

Carlos Noya Pereira.

María Rosa Romero Fariña.

Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 10 de xullo de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2019, DO 25.06.2019.

2º) ACEPTACIÓN DAS COMPETENCIAS DELEGADAS POLO PLENO.

3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

4º) LICENZAS DE OBRA MENOR.

**1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2019, DO 25.06.2019.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 25.06.2019, acta núm. 15/2019.

**2º) ACEPTACIÓN DAS COMPETENCIAS DELEGADAS POLO PLENO.**

Dada conta do acordo do Pleno do 27.06.2019, de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local, cuxa parte dispositiva se transcribe de seguido:

1º) Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3. A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento agás as de

tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior todo elo de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

4. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado 1 da Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que celebre o Concello, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao alcalde, conforme ao apartado 1 da Disposición Adicional 2ª.

5. As competencias para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio cando non estean atribuídas ao alcalde conforme ao disposto no apartado 9 da Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

6. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

7. O establecemento e modificación dos prezos públicos. (art. 47 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).

8. As demais competencias que expresamente lle confiran as leis (art. 22.2.q. da Lei 7/85)

Consonte ao disposto polo art. 123.1 do ROF, as comisións informativas ditaminarán previamente os asuntos que se sometan á decisión da Xunta de Goberno Local en exercicio das competencias delegadas polo Pleno, agás que se trate de asuntos declarados urxentes.

2º) A delegación comprende tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Exclúense da presente delegación as competencias relacionadas no artigo 47.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Os actos ditados pola Xunta de Goberno Local no exercicio das competencias delegadas polo Pleno enténdense ditados polo órgano delegante, ao que lle corresponderá, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.

3º) Este acordo producirá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no BOP da Coruña e no taboleiro de edictos do Concello, de conformidade co previsto no art. 51 ROF, e artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4º) Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local para os efectos da aceptación das competencias delegadas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aceptar as competencias delegadas.

### **3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Manuel Caamaño Barca, que di actuar en representación de CARPIDISER S.L., na que comunica que vai realizar as seguintes

obras na edificación e parcela situada en Vioxo de Arriba - Luaña (referencia catastral nº001700100NH24C0001AD):

- Reparar a cuberta da edificación de uso industrial, que data de 1979, substituíndo as pranchas de uralita en mal estado, canos e baixantes, por paneis de chapa prelacada, e novos canos e baixantes, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.
- Levantar un peche diáfano, de aproximadamente 140 m. de lonxitude, con malla metálica electrosoldada.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria e está afectada pola estrada DP 1302.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación da Coruña do 21.03.2019 e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche do fronte da parcela situarase mínimo a 8 m. desde o eixo da calzada e executarase de tal forma que non impida a explanación dos terreos a cota da estrada nos 8 metros desde o eixo da mesma.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 250,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 314,57 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN PIÑEIRO ALAMANCOS, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Avda. Noia nº 10 - Os Ánxeles, limpando e substituíndo a uralita e tella vella que sexa necesario por uralita e tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (7048902NH2474N0001RJ) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano adscrito a viais principais, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 66,48 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 131,05 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROI SIXTO SANJOSE, na que comunica que vai realizar obras na vivenda sita en San Salvador nº27 - San Salvador, consistentes na pavimentación da rampla de acceso ao garaxe existente e colocación de aplacado de pedra nos muros perimetrais.

A parcela (7522904NH2475S0002ZB) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano adscrito a viais principais, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,60 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 125,17 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANDRÉS CARBALLO AMEIJEIRAS, na que comunica que vai realizar obras na vivenda sita en Guitiande nº44 - Os Ánxeles, consistentes na limpeza, encintado e pintado das fachadas.

A parcela (6952560NH2465S0000FF) onde se pretende executar a obra aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 46,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 46,00 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Julio Ramos Guzmán, que di actuar en representación da C.P MONTEBALADO, na que comunica que van realizar obras nos portais nº 18-20 da urbanización, consistentes na limpeza, reparación e pintado das fachadas dos portais nº 18-20 da urbanización.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano (UC3), do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 232,37 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 232,37 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO RODRIGUEZ-SEGADE VÁZQUEZ, na que comunica que vai acondicionar un local para “Comercio ao por menor de medicamentos, produtos sanitarios e de hixiene persoal (Farmacia)”, no Paseo de Pedrouzos, bloque 3, baixos 2 e 3, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Alexandre Marcos Rodríguez, de data xuño 2019.

Os locais atópanse nunha edificación, situada en solo urbano, que conta con licenza de primeira ocupación para vivenda colectiva e baixos comerciais, outorgada pola Xunta de Goberno o 01.12.2009.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do traslado da Consellería de Sanidade asinada con data 06.06.2019 (expte 348/2019) e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Unha vez rematadas as obras de acondicionamento do local, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ao respecto pola Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación:

- Certificado final de obra asinado polo director da obra.
- Certificado no referente ao cumprimento das condicións acústicas/conforme á Lei 37/2003 do ruído e o Real Decreto 1367/2007 de desenvolvemento.

- Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 662,82 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 727,39 euros.

**g)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA VICTORIA VARELA RODRIGUEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Beca nº11 - Bastavales, substituíndo a tella vella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (9908402NH2490N0001TE) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 55,90 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 120,47 euros.

**h)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Reboiras López, que di actuar en representación da C.P CENTRO COMERCIAL MONTEBALADO, na que comunica que vai reparar a cuberta inclinada da segunda planta do Centro Comercial sito no lugar de Os Ánxeles s/n - Os Ánxeles, substituíndo os paneis de aceiro por outros de iguais características cos remates adecuados para garantir a estanquidade e non afectando á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 (UC3) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 288,02 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 352,59 euros.

**i)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Javier de la Casa Vera, que di actuar en representación da M&C SERVICES 2012 S.L., na que comunica que vai realizar obras de escasa entidade no inmovible situado en Lamiño nº57-Brión, que non afectan á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións; consistentes en obras de limpeza e tapiado para evitar o acceso ao inmovible que aínda está en construción e coa obra paralizada.

A parcela (6761702NH2466S0001IO) na que se sitúa o inmovible, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 (UC2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 91,69 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 156,26 euros.

**j)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Melchor Nogueira Uzal, que di actuar en representación da MARIO FORJAN BARCIA, na que comunica que vai realizar obras de escasa entidade na vivenda sita na Urbanización Pego 5, bloque 2, escaleira 5, baixo b, que non afectan á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións; consistentes en obras interiores para arranxar un baño, substituír o pavimento e pintar a totalidade da vivenda.

A edificación onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 (UC3) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 50,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 114,57 euros.

#### 4º) LICENZAS DE OBRA MENOR.

**a)** Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A, na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica en Bastavaliños, Bastavales, proxectando obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión tendendo un novo condutor desde o apoio HV-630-9 ata á ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha zanja cunha lonxitude total de 137 m. segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Galicia co nº 525/19-CO o 15/02/2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e da resolución favorable de Augas de Galicia de data 12/06/2019 (expediente: DH.W15.66405), por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 1.871,66 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 314,33 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 378,90 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A, na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica en Cirro, San Salvador, proxectando obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión tendendo un novo condutor desde o apoio HV-630-9 ata á ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha zanja cunha lonxitude total de 55 m. segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Galicia co nº 526/19-CO o 15/02/2019.





A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e da autorización de Augas de Galicia de data 07/06/2019 (expediente: DH.W15.66404), por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 954,91€, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 130,98 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 195,55 euros.

O alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González